




PROGRAMACIÓN DOCENTE

2º ED. PRIMARIA


CRA. PONTE DA PEDRA

2020/2021




Índice de contido

1. Bases Legais.....	4
2. Obxectivos E. Primaria	4
3. Competencias clave	5
4. A avaliación: aspectos xerais.....	7
5. Procedementos, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción.....	8
6. Metodoloxía e estratexias didácticas.....	11
7. Medidas de atención a diversidade	12
8. Plans.....	13
8.1. Acción previstas de acordo co proxecto lector desde cada área (bibliotecas escolares e lectura.....	13
8.2. Accións previstas de acordo co Plan Tic (Educación dixital)	15
8.3. Dinamización da lingua galega	16
8.4. Plan de convivencia	18
9.- Transversalidade.....	24
10. Información e comunicación as familias.....	25
11. A avaliación da programación.....	26
12. Criterios de Promoción	27
13. Áreas: Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo do estándar e a súa relación coas Competencias Clave	27
MATEMÁTICAS.....	28
LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	36
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	49
CIENCIAS SOCIAIS.....	72
CIENCIAS DA NATUREZA	86
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA.....	97



EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	111
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	123
EDUCACIÓN FÍSICA.....	130
RELIXIÓN CATÓLICA	139
14. Perfís Competenciais.....	146
Comunicación lingüística	146
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	154
Competencia dixital	157
Aprender a aprender	159
Competencias sociais e cívicas.....	165
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	170
Conciencia e expresións culturais	173
RESUMO DOS DATOS ABSOLUTOS DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	177
RESUMO DOS DATOS EN PERCENTÍS DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	177
15. Indicadores de Logro.....	178
16. Anexos.	
Programacións didácticas con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, posibles escenarios e plan de reforzo e recuperación	179



1. Bases Legais

Para a realización da programación docente do 2º nivel do CRA Ponte da Pedra , baseásemonos no disposto en :


LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).

2. Obxectivos E. Primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.




- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivosexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Competencias clave.

Estando vixente a LOMCE en educación primaria., en segundo de educación primaria temos que ter presentes as Competencias Clave.

A incorporación das competencias clave no currículo ten como finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto os formais, coma os informais e os non formais.
- Integrar as aprendizaxes e poñelos en relación con distintos tipos de contidos.
- Utilizar as aprendizaxes de xeito efectivo en diferentes situacións e contextos.
- Inspirar as decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.
- Para que o traballo das áreas do currículo contribúa ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse
- con medidas organizativas e funcionais:



- Organización e funcionamento dos centros.
- Participación do alumnado.
- Normas de réxime interno.

A LOE identifica oito competencias básicas:


- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
- Tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía persoal

Os obxectivos e a selección de contidos das áreas buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas.

En 2º de E. Primaria está vixente a LOMCE. Nesta Lei identifica 7 Competencias Clave:

Comunicación lingüística: Conservando a denominación anterior, refírese ao dominio de destrezas comunicativas en diferentes rexistros, con capacidade de comprensión crítica en todos os soportes.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Xunta dúas das anteriores competencias coa intención de esvaer o trazo existente entre as áreas de coñecemento e as competencias básicas. Nesta encontrámonos coas destrezas relacionadas coa iniciativa científica, co desenvolvemento de espírito de investigación e co uso dos números como linguaxe en diversos soportes.
- Competencia dixital: Incorporando o dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.
- Aprender a aprender: Tamén conserva a terminoloxía anterior, referíndose ás habilidades relacionadas co tratamento de textos, realización de esquemas, capacidades de resumo e valoración da aprendizaxe como ferramenta social.
- Competencias sociais e cívicas: Relacionado cos coñecementos das institucións, o desenvolvemento de valores críticos e a adquisición de destrezas de análise social utilizando diferentes medios e soportes.



- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Sendo este aspecto un nos que máis recalca a LOMCE e que xunta elementos de desenvolvemento da autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do ámbito social e empresarial
- Conciencia e expresións culturais: Outra das novidades entre as competencias e que engloba coñecementos sobre a cultura propia e allea, o respecto polas diferenzas e a valoración da interculturalidade na nosa sociedade.

4. A avaliación: aspectos xerais

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.


No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro básicos nas programacións docentes.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción. Establécense tamén uns mínimos esixibles en cada área, para obter unha avaliación positiva nesta.

Realizaremos unha avaliación inicial ao comezo de curso, en cada un dos niveis educativos, tanto en E. Infantil como en primaria. Esta avaliación centrarase sobre todo nas áreas instrumentais (lingua galega e castelá e matemáticas), a integración do alumno no grupo, o seu comportamento e os seus hábitos de traballo se fora o caso. Haberá unha avaliación cada trimestre, á que asistirá todo o equipo docente, así como os mestres de PT, AL, orientadora e xefe de estudos. De cada unha desta reunións o titor levantará acta do desenvolvemento da sesión, e incluírá as achegas que fagan os compoñentes do equipo, e que se pidan que consten en acta. As actas quedarán arquivadas na secretaría do centro.

Nas avaliacións trimestrais, o nivel obtido por cada alumno ou alumna en cada área farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a titoría legal cada trimestre.



5. Procedementos, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, un plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

	<i>Procedementos</i>			
<i>Instrumentos</i>	<i>Escritos</i>	<i>Orais</i>	<i>Observación directa e sistemática</i>	<i>Outros</i>
	<ul style="list-style-type: none"> ·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula. ·Caderno de clase do alumno/a ·Probas de avaliación: escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas) ·Traballos grupais. ·Resolución de exercicios e problemas ·Actividades de expresión escrita. ·Actividades interactivas 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación do alumno/a e intervencións na aula - Probas orais individuais. - Lecturas expresivas - Preparación en grupo en actividades colectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escalas - Fichas de rexistro individual 	<ul style="list-style-type: none"> -Rúbricas: empregaríanse so nalgúns criterios de avaliación fundamentais nas áreas instrumentais (por exemplo en comprensión lectora, lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas)

Educación plástica e música: Para calcular a cualificación global, realizarase a media aritmética entre a dúas cualificacións. No caso de dúbida analizaranse os mínimos esixibles. Os criterios de cualificación especificaranse na programación de aula, pero con carácter xeral, e a modo orientativo establécense deste xeito



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORA CADA CURSO %		INSTRUMENTOS EMPREGADOS
	1º	2º	
<i>Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade</i>	20%	30%	-Realización de probas escritas ou orais -Rúbricas en aspectos fundamentais (comprensión, expresión)
<i>Realización do traballo na clase:</i> -Realización axeitada do traballo -Presentación do caderno -Realización e presentación de fichas	50%	50%	-Caderno da clase E LIBROS -Fichas -Rexistro de actividades.
<i>Realización do traballos específicos</i>	10%	10%	<i>Valoración de traballos específicos</i>
<i>Valoración de actitudes na aula:</i> -Escoita -Participación -Esforzo -Colaboración	20%	10%	-Rexistros variados. (de participación, actitude, atención...)



6. Metodoloxía e estratexias didácticas

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que tiñan sentido para o alumno. Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:



- Metodoloxía activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxe.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.
- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.
- Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior, e abrindo novos horizontes cara o vindeiro. A metodoloxía específica de cada área será concretada nas programacións de aula respectivas.

7. Medidas de atención a diversidade

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.



Entre as medidas indicadas consideraranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación. Así adoptaranse as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfase, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

8.- Plans

8.1.- Acción previstas de acordo co proxecto lector desde cada área (bibliotecas escolares e lectura)

O obxectivo deste plan anual é o de proporcionar as ferramentas necesarias para un excelente funcionamento da biblioteca do centro e para descubrir e usar algúns recursos que sirvan de estímulo para o progreso dos alumnos como lectores e como persoas críticas.




Partindo pois da nosa situación física e debido as características físicas do centro, deberemos crear unha BIBLIOTECA DISTRIBUIDA onde as bibliotecas de aula e a biblioteca da sede forman a “biblioteca total”. Deste xeito toda a organización das actividades deberán ter en conta esta peculiaridade.

O plan de lectura do centro para o curso actual terá en conta os seguintes obxectivos:

1. Apoiar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
2. Favorecer unha aprendizaxe autónoma no desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
3. Tratar o desenvolvemento da lectura comprensiva.
4. Achegar ás nenas e aos nenos os distintos soportes documentais e os distintos xéneros literarios.
5. Crear hábitos de lectura e de escritura.
6. Acceder de xeito igualitario aos recursos culturais.
7. Dotar ao alumnado das ferramentas básicas para obter informacións.
8. Favorecer o acceso a diversas fontes de documentación

Para conseguir estes obxectivos poremos en marcha as actividades seguintes

- Dedicaremos MEDIA HORA DE LECTURA DIARIA.
- A nosa mascota da biblioteca, bibliotecario. Será o encargado de presentarnos as novidades da biblioteca.
- A biblioteca está centralizada na sede.
- No mes de outubro participaremos no FIOT Festival infantil de teatro lido. Acudindo a radio para gravar a lectura dos textos escollidos.
- Este curso faremos presentacións de libros na aula facendo propostas de lectura abertas.
- En colaboración coa ASPG e o concello de Carballo participaremos na SEMANA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL no mes de abril.
- Permitiremos o alumnado a elección libre das súas lecturas persoais.
- Realizaremos diferentes actividades a partir das lecturas: debuxos, murais etc.
- Escolleremos os libros favoritos. O final de curso faremos un ranking dos libros favoritos do cra.
- Dotaremos a biblioteca de bibliografía e audiovisuais que teñan que ver coa intelixencia emocional apoiando así o proxecto que levamos a cabo coa Fundación Botín.



- Este curso pretendemos ampliar os fondos audiovisuais e musicais para fomentar o desenrolo dunha competencia dixital axudando as familias a elixir material de calidade.
- Pedir asesoramento as Asesoría de bibliotecas escolares para a seguir coa informatización da biblioteca e posta en práctica un sistema de préstamo debido as nosas características especiais.
- Elaborar un catálogo con recomendacións para o Nadal.
- Selección de material tanto impreso como audiovisual (en colaboración co equipo das TICS) para a biblioteca.
- Informar ao claustro das actividades deseñadas.
- Elaborar unha enquisa final de avaliación da nosa biblioteca.

8.2. Accións previstas de acordo co Plan Tic (Educación dixital)

A idea principal deste plan e que as TIC nos sirvan para achegar o alumnado todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

OBXECTIVOS DO PLAN TIC

1. -Incidir na autoformación no centro a través do intercambio de coñecementos entre o profesorado.
2. -Avaliar o emprego das tics polo profesorado, alumnado e as súas familias.
3. -Actualización dos equipos informáticos en base a equipos remitidos pola consellería de educación e dotación propia do CRA.
4. -Colaborar co resto de equipos do CRA como forma de complementar os seus proxectos.
5. -Utilizar as TIC como parte integrante das rutinas diarias e da metodoloxía da aula.
6. -Creación de materiais TIC en diferentes soportes (Notebook, powerpoint, galerías de imaxes, blogues, etc.) para traballar co alumnado diferentes temas ou centros de interese.
7. -Aumentar a interacción do alumnado das diferentes escolas a través das TIC e como forma de fortalecer o vínculo escola-familia (videoconferencias, video mensaxes, envío de correos electrónicos, etc.)



8. -Establecer accións, a través das TIC, que redunden na mellora da organización do centro e de coordinación entre o profesorado do CRA (ferramentas 2.0 como axuda á coordinación docente: blogues, aula virtual, etc.)

9. -Converter os espazos da páxina web do centro nun lugar que sirva de referencia, axuda ou guía para as prácticas tanto do profesorado actual do centro, comunidade educativa, futuros docentes do CRA e persoas alleas a este.

8.3.- Dinamización da lingua galega

ADDENDA ANUAL PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O decreto 79/2010, do 20 de maio sinala no artigo 14º.4 a necesidade de elaborar anualmente unha addenda do proxecto lingüístico no que se recollan as propostas encamiñadas a potenciar e fomentar o uso do galego en todo o ámbito escolar, establecendo así mesmo unha estreita e continua relación dos distintos equipos de ciclo, departamentos e diversos estamentos socio – educativos e culturais.

As funcións do departamento van orientadas a coordinar, colaborar, participar, xestionar e facilitar todas aquelas iniciativas que xurdan desde o propio departamento como tamén das institucións do noso contorno escolar.

Os obxectivos fundamentais do curso tendentes a normalización e dinamización da lingua galega serán os seguintes:

- Promover entre a comunidade educativa o seu dereito a expresarse en galego, vencendo prexuízos e impulsando actitudes positivas cara a galeguización do contorno.
- Empregar o galego como vehículo de expresión escrita e oral na comunicación coa comunidade educativa.
- Colaborar cos restantes equipos do centro para potenciar o galego nas diversas actividades que se planifiquen.
- Participar e cooperar con outras institucións na promoción e fomento de uso do galego.
- Actualizar a páxina web do centro e o blogue de normalización por medio de contidos en lingua galega.



- Utilizar o galego na elaboración de materiais propios en soporte informático.
- Potenciar a colaboración da familia – escola por medio de diversas actividades como o libro viaxeiro, contos en familia,...
- Fomentar a presenza do galego nas festas e celebracións organizadas no centro e todas aquelas que xurdan ao longo do actual curso escolar.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE IMPARTEN.

Baseándonos no marco legal (Orde do 20 de Febreiro de 2004, que regula as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro), expóñense as medidas a adoptar cando un alumno descoñeza as dúas linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma:

1.- Avaliación Inicial do alumnado: cando un alumno se incorpore ao sistema educativo vaise levar a cabo unha avaliación inicial para poder así determinar as necesidades de cada alumno.

2.- Medidas de atención escolar: levaranse a cabo as seguintes medidas educativas de tipo curricular para a atención ás necesidades educativas específicas:

- Reforzo educativo.
- Adaptación curricular.
- Flexibilización da idade.

3.- Medidas de tipo organizativo:

- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupo de adquisición de competencia curricular.

A finalidade destas medidas é proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas ao alumnado como a súa familiarización coa vida do centro educativo.

Así mesmo incluírase dentro do proxecto de fomento do galego do CRA Ponte da Pedra a actividade de "Horto Escolar"



8.4.- Plan de convivencia

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais do noso plan tomarán como referencia os principios e fins reflectidos na Lei 4/2011 e as necesidades diagnosticadas no noso centro e que se concretan nos que seguen:

- a) Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar os recursos á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) Favorecer unha educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) Previr e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas educativas e correctoras eficaces.
- d) Recoñecer ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) Corresponsabilizar ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia no noso centro, como un dos principais deberes que lles en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Concienciar e sensibilizar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- h) Regular a consulta e participación directa das familias, e doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
- i) Favorecer a mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas .



O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 12 establece os obxectivos xerais do plan de convivencia, que deben contribuír a:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Obxectivos específicos

Partindo dos obxectivos xerais estableceranse outros específicos derivados da análise da normativa vixente e das necesidades previas do centro, organizados segundo os ámbitos de centro, o alumnado, o profesorado e as familias, e outros axentes externos.



A nivel de centro:

- Revisar os documentos oficiais de centro e deixar constancia dos contidos específicos sobre convivencia.
- Adecuar a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro.
- Implicar a toda a comunidade educativa en materia de convivencia.
- Informar e comunicar de todos os protocolos necesarios para un bo clima de centro e a resolución de conflitos.
- Proporcionar unha formación permanente en temas relativos á convivencia.

A nivel de alumnado:

- Detectar necesidades de carácter persoal que poden incidir na conduta
- Previr e desenvolver actuacións a nivel individual para a resolución de conflitos.
- Realizar intervencións a nivel grupal, dende as titorías para a resolución pacífica de conflitos.
- Formar e preparar ao alumnado para formar un equipo de mediación e axuda ao alumnado con máis necesidades de control condutual.

A nivel de familias:

- Corresponsabilizar ás familias na labor para unha boa convivencia no centro.
- Colaborar con centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas de convivencia.
- Informar e aceptar as normas de convivencia do noso centro dende as vías dispoñibles.
- Contar cos canles de comunicar para tratar problemas de conduta no centro educativo, ter en conta a representación no Consello Escolar.

A nivel doutros axentes:

- Implicar á administración educativa na toma de medidas a aplicar co apoio ao centro educativo.
- Contar coa colaboración doutras administracións: Familia, Traballo, Sanidade.
- Contar coa colaboración do Concello: Servizos sociais.
- Valorar a colaboración doutros axentes, asociacións sen ánimo de lucro, relacionados con temas de convivencia.



DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS e PROGRAMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA

a. Actuacións xerais

As actuacións xerais que se levarán a cabo deseñaranse e desenvolveranse tanto a nivel de centro, como de aula e a nivel individual. Estarán dirixida a toda a comunidade educativa.

Actuacións a ter en conta **a nivel de centro**:

- Implantación de toda a comunidade educativa dende as distintas formas de representación: Claustro de profesorado, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Consello Escolar.
- Eficiencia e eficacia da Comisión de Convivencia e do Observatorio de Convivencia.
- Revisión e actualización dos distintos documentos de centro, deixando reflectidos

os contidos relativos á convivencia: Proxecto Educativo de Centro, Programacións Didácticas, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial e Regulamento de Réxime Interior.

- Formación permanente con grupos de traballo e seminarios sobre convivencia e participación da comunidade educativa.

Actuacións **a nivel titorial, grupo-clase**:

- Actividades específicas de coñecemento da importancia dun bo clima de convivencia no centro educativo nas distintas etapas e niveis educativas do noso centro educativo: campaña informativa dende a titoría, normas do centro, o regulamento de réxime interior, ou aula de convivencia, a mediación, a convivencia como elemento específico de traballo no aula.
- Transversalización nas distintas materias do currículo de contidos relativos á convivencia, coa procura da adquisición de competencias sociais.

Actuacións **a nivel individual** (dirixido ao alumnado, ao profesorado e as familias):

- Análise de necesidades individuais para a resolución pacífica de conflitos.
- Prevención e intervención sobre alumnado con problemas de conduta.
- Alumnado acusador, vítimas e testemuñas. Pautas de actuación específicas.

b. Medidas preventivas e de sensibilización

As actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, inclúe a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

Ademais, aínda que se tratarán nun capítulo aparte, estableceranse os protocolos para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- A Administración Educativa promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- A colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

Poranse, tamén, en marcha actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero; e actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

c. Medidas organizativas

Neste caso, deben considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula. As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento deste plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.

O Decreto 8/2015 no artigo 18 sobre as “normas de organización e funcionamento” establece que:

1. As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
2. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.



3. Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

d. Medidas curriculares

A coordinación das actuacións docentes centrarase na programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

Neste caso, farase fincapé na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Unha competencia contribúe a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes de tipo social e de comportamento.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola transversalización de contidos favorecendo unha visión interdisciplinar dos mesmos. Das competencias claves do currículo nos centraremos sobre todo **en competencias sociais e cívicas, e competencias de aprender a aprender.**

Os elementos transversais a traballar nas distintas materias relacionados coa convivencia son:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A prevención da violencia de xénero ou contras persoas con discapacidades.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade e non discriminación de calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A educación en valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, os dereitos humanos, o respecto, o rexeitamento de todo tipo de violencia, entre outros.
- A educación para a convivencia, ademais do indicado, abarcará outros ámbitos como a educación ambiental, a educación sexual, a educación vial, o uso adecuado das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

e. Medidas de coordinación

O artigo 9 do Decreto 8/2015 fai referencia aos órganos de coordinación docente. Estes órganos, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. En todo caso, serán recollidos pola **Comisión de Coordinación Pedagóxica** e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos **documentos institucionais do**



centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co **proxecto educativo do centro** e a programación xeral anual.

O **claustro do profesorado** colaborará na posta en marcha do plan de convivencia, tendo a súa disposición toda a información relativa a implementación do plan de convivencia, co apoio do equipo directivo e o asesoramento do departamento de orientación.

A **comisión de convivencia** constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A **aula de convivencia** será un lugar de referencia para establecer medidas de corrección específicas para a resolución pacífica de conflitos. A aula terá en conta os seguintes aspectos: os criterios pedagóxicos para correcta atención do alumnado neste espazo; haberá profesorado de garda en todos os períodos lectivos; deixarase rexistrado ao alumnado obxecto de intervención este lugar e coa indicación do tipo de tarefas a realizar; comunicarse á dirección do centro, aos titores e as familias deste tipo de intervencións.

9.- Transversalidade.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Así mesmo, na aula se promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a



xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Esta programación docente comprende a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse actividades e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Promoveremos a Educación Responsable (proxecto da Fundación Botín e Colaboración coa Fundación Barrié), para favorecer o crecemento físico, emocional, intelectual e social das persoas, promovendo a comunicación e a mellora da convivencia no centro e fomentar a creatividade. A finalidade é a mellora das habilidades emocionais dos nenos/as e do clima da aula.

Para traballar todo isto, o centro ten aprobado os seguintes documentos:

- PAT
- PXAD
- Plan Tics
- Plan de Promoción da Lectura (antigo Plan Lector)
- Plan de convivencia

10.- Información e comunicación as familias

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal



deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelan, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

Promoverase, ademais, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo. Este compromisos adoptarase na reunión de principios de curso que cada titor realiza cos pais dos seus alumnos. Nesta reunión acordarase sobre todo que traballos ou actividades poden realizar as familias cos seus fillos en xeral, sen prexuízo dos compromisos que poidan establecerse con algunha familia en particular atendendo ás necesidades de aprendizaxe do seu fillo/a.

Cada trimestre entregaráselle o boletín de notas ás familias, como información do proceso de aprendizaxe do seu fillo ou filla, e establécese unha hora de titoría semanal fora do horario lectivo.

11.- A avaliación da programación


A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a titoría legal cada trimestre.



12.-Criterios de Promoción.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

Por elo, cando un alumno non supere as competencias claves reflectidas nos mínimos esixibles ,que aparecen nos cadros, de dúas **materias instrumentais** (matemáticas, lingua galega ou lingua castelá), **non promoverá** ao seguinte curso. De igual modo **non promoverá se non supera os mínimos esixibles de tres materias, sendo unha de elas instrumental.**

13.- Áreas: Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo do estándar e a súa relación coas Competencias Clave

Este apartado está extraído integramente do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).


